



Concello de Outeiro de Rei

ACTA

Expediente núm.:

PLN/2022/8

Órgano colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de decembro de 2022
Duración	Desde as 12:15 ata as 13:15 horas
Lugar	Casa Consistorial
Presidida por	JOSÉ PARDO LOMBAO
Secretaria	CRISTINA CASTRO FUENTES

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34228266B	Antonio López Pérez	SÍ
33329791P	Elvira Lombao Vila	NON
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	SÍ
33854156L	Luis Varela Pérez	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez	SÍ
33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández	SÍ
	Rita Castedo Meilán	SÍ





Concello de Outeiro de Rei

Escusas de asistencia presentadas:

1. Elvira Lombao Vila:
«motivos laborais»

O Alcalde dalle a benvida á secretaria municipal e ofrece a súa colaboración para que o seu traballo e o desenvolvemento da actividade xurídica, moi importante para o concello, sexa eficaz, amable por parte deles e efectiva.

Asisten todos os concelleiros a excepción das concelleiras D^a. Begoña Seco Varela, que se incorpora no punto quinto e a concelleira D^a. Elvira Lombao Vila que comenta o concelleiro D^a. Xosé Ferreiro Fernández que presentou a súa excusa.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sométese ao Pleno da Corporación a aprobación da acta da sesión anterior celebrada o día 28 de outubro de 2022.

Non habendo alegacións, apróbase por unanimidade

Aprobación rectificación de Inventario porcións de viais 201-210, xa ditaminada

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8 (PP), En contra: 0, Abstencións: 3 (PSdeG- PSOE,BNG)

Ausentes: 2

José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei, presento ao Pleno da Corporación, unha vez ditaminada favorablemente pola Comisión de Asuntos do Pleno celebrada o día 26 de decembro de 2022, de conformidade co disposto no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD1732/1986 de 13 de xuño) a a seguinte proposta de rectificación de inventario:

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 201

ROBRA





Concello de Outeiro de Rei

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: Norte, pista; Sur, coa finca matríz; Leste, con propiedade de María del Carmen Iglesias; e Oeste, hereditarios de Aurora Méndez Vila.

SUPERFICIE: 48,21m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 3 de junio de 2.022.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 4410, Folio 120, Tomo 1112, Libro 88.*

PORCIÓN VIAL N° 202

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN CASA DO MONTE – MOSTEIRO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: CASA DO MONTE

Lindeiros: Norte, camiño; Sur, coa finca matriz; Leste, leira número 104 de Juan





Concello de Outeiro de Rei

Francisco Lema Ferro; e Oeste, Leira número 121 de José Hortas Ferreiro, Hoxe Holanda Hortas Hortas.

-
SUPERFICIE: 615 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 17 de xunio de 2022.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 10453, Folio 219, Tomo 1118, Libro 90.*

PORCIÓN VIAL Nº 203

GAIOSO

NOME: PORCIÓN VIAL EN LONGARELA– GAIOSO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: GAIOSO

Núcleo/lugar: LONGARELA

SEGREGACION CESION LESTE, Lindeiros: Norte coa pardela 688, Sur coa porción segregada en execución da obriga de cesión de viais do concello de Outeiro de Rei; Leste con camiño e Oeste coa finca matriz.

SUPERFICIE: 84,12 m²

SEGREGACION CESION SUR, Lindeiros: Norte coa finca matriz e coa porción segregada en execución da obriga de cesión de viais do concello de Outeiro de Rei, Sur coa estrada LU-P-3903 de San Esteban-Donalbai, Leste con camino e Oeste coa parcela 692.

SUPERFICIE: 118,63 m²

SEGREGACION CESION OESTE, Lindeiros: Norte e Leste coa finca matriz, Sur coa parcela 692, Oeste con camiño.

SUPERFICIE: 148,61 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 19 de xullo de 2022.

SITUACIÓN REXISTRAL:





Concello de Outeiro de Rei

Rexistro da Propiedade: *Non consta.*

PORCIÓN VIAL Nº 204

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN SILVARREI - SILVARREI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVAREI

Núcleo/lugar: SILVARREI

Lindeiros:

-1ª PORCIÓN: Norte coa parcela 14, Sur coa parcela 11, Leste camino e Oeste coa finca matriz.

-2ª PORCIÓN: Norte e Oeste camino, Sur coa parcela 11, Leste camino e Oeste coa finca matriz.

SUPERFICIE:

-1ª PORCIÓN: 29,70 m²

-2ª PORCIÓN: 126,14 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 9 de setembro de 2022.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 12052, Folio 89, Tomo 1200, Libro 112.*

PORCIÓN VIAL Nº 205

FOLGUEIRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN FOLGUEIRA - ESPÍNEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público





Concello de Outeiro de Rei

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: FOLGUEIRA

Núcleo/lugar: ESPIÑEIRO

Lindeiros:

-FINCA SEGREGADA: 68 m²: Norte, Leste e Oeste coa finca matriz; Sur con camiño.

-FINCA SEGREGADA: 227 m² :Norte e Oeste, coa finca matriz, Sur con camiño; Leste, coa finca parcela 111.

SUPERFICIE PORCIÓN: 68 m²

SUPERFICIE PORCIÓN: 227 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 7 de outubro de 2022.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Non consta*.

PORCIÓN VIAL N° 206

MATELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN MATELA – MATELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: MATELA

Lindeiros: Norte coa leira matriz da que procede; Sur, con camiño, Leste coa parcela 75 e Oeste, coa parcela 78.

-

SUPERFICIE: 90,64 m²





Concello de Outeiro de Rei

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 28 de outubro de 2022.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 10424, Folio 154, Tomo 1118, Libro 90.*

PORCIÓN VIAL Nº 207

FRANCOS

NOME: PORCIÓN VIAL EN FRANCOS – FRANCOS.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: FRANCOS

Núcleo/lugar: FRANCOS

Lindeiros

PORCION 1: Norte e Leste coa finca matriz, Sur e Oeste con camiño.

PORCION 2: Norte coa finca matriz, Sur, Leste e Oeste con camiño.

PORCION 3: Norte e Oeste coa finca matriz, Sur con camiño e Leste coa parcela 544.

-

SUPERFICIE PORCION 1: 79,80 m²

SUPERFICIE PORCION 2: 23,85 m²

-

SUPERFICIE PORCION 3: 59,35 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 14 de outubro de 2022.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *non consta*





Concello de Outeiro de Rei

PORCIÓN VIAL Nº 208

SAN FIZ DE PAZ

NOME: PORCIÓN VIAL EN SAN FIZ DE PAZ – VILAR.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN FIZ DE PAZ

Núcleo/lugar: VILAR

Lindeiros

ZONA A: Norte e Leste con camiño, Sur e Oeste coa finca matriz.

ZONA B: Norte coa parcela 47, Sur e Oeste coa finca matriz; Leste con camiño.

-

SUPERFICIE ZONA A: 252 m²

-

SUPERFICIE ZONA B: 41 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 14 de outubro de 2022.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *non consta*

PORCIÓN VIAL Nº 209

GAIOSO

NOME: PORCIÓN VIAL EN A FEIRA – GAIOSO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público





Concello de Outeiro de Rei

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: GAIOSO

Núcleo/lugar: A FEIRA

Lindeiros: Norte parcela1223 de María Josefa Benigna Lorenzo Piñeiro; Sur, parcela1219 de Manuel Veiga Ferro; Leste, camiño, e Oeste coa finca matriz.

SUPERFICIE: 22,85 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 21 de xunio de 2022.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 12218, Folio 65, Tomo 1211, Libro 114.*

PORCIÓN VIAL Nº 210

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: Norte, parcela 246 de Pura Barreiro Mendez; Sur, parcelaparcela segregada da matriz de Don Jose Luis Tizon Freire; Leste, coa parcela matriz; e Oeste, estrada.

SUPERFICIE: 16 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 18 de febreiro de 2022.





Concello de Outeiro de Rei

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

En Outeiro de Rei, 26 de decembro de 2022

O Alcalde
D. José Pardo Lombao

Expediente 873/2022. Pech e Liquidación do Orzamento

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8 (PP) , En contra: 0, Abstencións: 3 (PSdeG-PSOE, BNG), Ausentes: 2

Dase lectura á proposta de alcaldía:

Formulada e rendida a conta xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2021 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 28 de outubro de 2022; de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expúxose ao público xunto cos documentos xustificativos durante quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao 10 de novembro de 2022, data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, os interesados podían presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimasen pertinentes.

Non habéndose presentado ningún reparo, reclamación ou observación, PROPOÑO ao Pleno da corporación:

1º.- Aprobar a conta Xeral do Concello de Outeiro de Rei do exercicio 2021.

En Outeiro de Rei, 26 de decembro de 2022

O Alcalde

D. José Pardo Lombao

MOCIÓN axuda retirada residuos urbanos

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 3 (PSdeG, PSOE), En contra: 8 (PP), Abstencións: 0, Ausentes: 2





Concello de Outeiro de Rei

Rita Castedo Meilán, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN

RELATIVA Á QUE O CONCELLO DESEÑE LIÑAS DE AXUDA PARA A RETIRADA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É ben coñecido o enorme problema existente na maioría de núcleos rurais do noso concello provocado pola falta dun servizo de saneamento onde se poidan verter os residuos que se xeran nas vivendas, cuestións que en moitos casos afecta dun xeito directo ao desenvolvemento dalgunhas zonas.

Ante a carencia deste servizo, son moitas as vivendas que se ven obrigadas a recorrer a empresas de xestión de residuos para a retirada destes, podendo chegar o seu custe aos 500€ por Tm, prezo que é inalcanzable para moitas familias.

Ademais diso, as propias declaracións do alcalde non indican que este servizo se vaia universalizar, máis ben ao contrario, pois en repetidas ocasións e ante as propostas do BNG, leva posto por diante os criterios económicos sobre a necesidade que moitas vivendas teñen deste servizo. Parece que só van poder acceder á rede de saneamento as zonas totalmente urbanas (urbanizacións e núcleo da vila de Outeiro), o polígono industrial e aqueles núcleos que poden conectarse facilmente a estas canalizacións, quedando os demais condenados a non ter nunca este servizo.

Esta situación non só é un freo para o desenvolvemento dunha boa parte do concello, senón que é discriminatorio para a veciñanza dunhas zonas sobre outras. Todos e todas pagamos os mesmos impostos, polo que todos e todas deberamos ter os mesmos dereitos e servizos.

Rematada a lectura da moción intervén a concelleira Rita Castedo do BNG di que a auga entra nas casas limpa e sae sucia e os veciños que non teñen saneamento deben acudir a depósitos. Alega que hai veciños discriminados porque todos pagan impostos pero algún disfrutan de saneamento e outros non .

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio intervén expoñendo que vai ser practicamente imposible chegar a todas as casas porque hai casas moi illadas e sería unha maneira de compensar ese servizo que non teñen.

Por outra banda pensa que si sería unha boa idea para compensar o servizo que se ofrece a uns veciños fronte ao servizo que non se lle pode ofrecer a outros.





Concello de Outeiro de Rei

O Alcalde fai uso da súa palabra dicindo que o servizo deberíase chegar a todos e a todas partes pero hai que ser coherentes. Porque ocorre que en concellos grandes, sen ir moi lonxe, aquí al lado, non se dan eses servizos en todas as parroquias sendo os do goberno os do BNG e do PSOE, e por iso sorpréndelle que o veñan a pedir a un concello como este. Pedir pode pedirse todo. Vese que é unha pura demagogia.

Di o alcalde que al menos a concelleira reconece que a auga é un servizo básico e chega a todas as partes do concello. Que non sucede en concellos onde goberna o BNG e o PSOE e pode verse no Concello colindante a pesar de contar cunha densidade de poboación moito máis grande.

Os que teñen colectores de saneamento tamén lles custa, non é gratuita a colocación nin o servizo. Uns pagan polo servizo que teñen e os que non o teñen non o pagan.

Dende o punto de vista político, continúa o alcalde coa súa intervención, sorprende que plantexen iso neste concello, aínda sendo un concello punteiro da provincia de Lugo e nas estadísticas un concello cun nivel de riqueza máis alto pero o certo é que todavía non ten a capacidade que ten a capital da provincia para financiar este tipo de servizos, que o rural non o ten.

Xa bastante se leva feito en saneamentos. E todos os anos se fai algún, esténdese a rede de colectores de saneamento á velocidade que se vai podendo. Vaise a unha velocidade moito maior que o Concello de Lugo onde gobernan os seus grupos políticos.

Están as zonas urbanas cubertas e parte das rústicas e queda todavía moito por facer. É un concello moi grande en extensión e moi pequeno en poboación, a persar de non ser un concello dos poucos onde a poboación crece fronte a outros concellos da provincia de Lugo. Non se ten a capacidade para chegar co saneamento a todas as parroquias a curto prazo.

Estanse facendo grandes avances en outros tipos de infraestruturas necesarias.

Di o alcalde que non se pode xeneralizar de que todos pagan os impostos pa ter segundo que tipo de servizos, porque non é así. O que non ten a auga enganchada non pagou e o que non ten o saneamento enganchado non pagou nin está pagando polo servizo.

O alcalde explica que esta moción quedou sobra a mesa na sesión plenaria anterior porque xa se dixera que só se ía poder traer unha moción por grupo político e que case poderían obviar esta moción xa que di no acordo que “o concello deseñe líneas de axuda para a retirada de





Concello de Outeiro de Rei

residuos sólidos urbanos para aquelas vivendas situadas nas zonas que non contan co servizo de saneamento” e él entende que os residuos sólidos urbanos son os contenedores de basura e están xa en todas as partes. Di o alcalde que a moción ten contradiccións

Á vista de todos os argumentos expostos, explica o alcalde o sentido do voto do seu grupo e di que nunca van a aprobar algunha moción que non se vaia a executar nun prazo razoable en tempo e menos a estas alturas da lexislatura, onde o prazo que queda é curto para executar e para poder comprometerse. Non se pode comprometer nada excepto que se faga un programa electoral, propaganda e demagogia. Que iso non o soen facer, son moi previsibles.

Rematado o debate sometese a votación a moción presentada.

Realizada a votación, a moción presentada polo grupo municipal do BNG de axuda da retirada de residuos urbanos queda rexeitada con oito votos en contra, dos concelleiros do PP, e tres votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos do BNG e máis do PsdG-PSOE.

O Alcalde di que como se está con espírito navideño como dixo o outro día o presidente da Deputación, que noutras cousas non pero nesto van a seguilo, vaise a tratar a segunda moción do grupo municipal do BNG

MOCIÓN aprobación regulamento Pleno.

(A concelleira Begoña Seco do PP entra no salón plenario)

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 3 (PSdeG-PSOE, BNG), En contra: 9(PP), Abstencións: 0, Ausentes: 1





Concello de Outeiro de Rei

Rita Castedo Meilán, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN

RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO PLENO NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, os conflitos xurdidos na interpretación de como deben funcionar os plenos do concello de Outeiro de Rei foron en aumento, crendo unha tensións entre o goberno municipal e os grupos da oposición totalmente innecesarios e que sempre van en prexuízo da veciñanza á que representamos.

Deste xeito, as diferenzas á hora de fixar a antelación para convocar os plenos, os prazos de presentación de propostas, as diferenzas entre rogos e mocións, os tempos ou orde nas intervencións, así como outros moitos factores son interpretados pola alcaldía dunha forma totalmente arbitraria e interesada, sen ningún criterio fixo coñecido, provocando isto uns conflitos moi desagradables e totalmente innecesarios.

Estes conflitos están a provocar situacións que transcenden ao propio concello, obrigando neste caso ao Grupo do BNG a acudir a instancias superiores que protexan os dereitos que lle asisten e dese xeito poder facer o traballo que a cidadanía que encomendou cos seus votos nas eleccións.

Isto non só é algo negativo para a imaxe do concello de Outeiro, senón que fai que o esforzo que todos e todas deberamos estar facendo en beneficio da veciñanza os empreguemos en liortas estériles ou en traballos burocráticos que ben poderían aforrarse e dedicarllos a outras cuestións que son moi necesarias no noso concello.

A lexislación xeral existente é demasiado ambigua en todas estas cuestións, non tendo marcado con claridade os puntos de delimitación entre a arbitrariedade nas decisións políticas que pode ter a Alcaldía e os dereitos que protexen o traballo dos grupos da oposición, ambigüidade que precisamente se debe corrixir coa elaboración consensuada dun Regulamento Orgánico de Funcionamento do Pleno que

Rematada a lectura da moción o concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro di que esta moción trátase de ter “boa vontade”. Que é certo que a LBRL é ambigua e por isto é fundamental a existencia do regulamento para así poder regular as mocións, os tempos de intervención, a regulación das enmendas..

A concelleira do PSdG-PSOE Carmen Acacio, intervén dicindo que o que non se pode facer e estar funcionando polo “boca a boca”.. Di que sería unha maneira civilizada de organizar os plenos e as comisións. Porque tampouco non se votaba nas comisións segundo o “boca a boca” e chegabase ás comisións e había que votar. Son circunstancias que se vai aprendendo e





Concello de Outeiro de Rei

pola experiencia non debería ser así.

O Alcalde contesta que o de saber cando hai que presentar unha moción ou saber se se vota ou non se vota, iso é de sentido común e ademais está na lexislación xeral evidentemente clara. Se se ten unha comisión de calquera tipo é para saber se se está de acordo ou non só hai unha solución que é a votación.

En relación aos plenos tanto con regulamento ou sin él, poden ser conflictivos. A conflictividade non depende do regulamento senón das persoas que están na corporación e dos portavoces que son os que interveñen.

Incorporase a concelleira dona Begoña Seco Varela neste intre.

Explica o alcalde que non van a aprobar esta moción porque lle parece un pouco egoísta deixar un regulamento elaborado para dous plenos ordinarios que quedan antes das próximas eleccións e deixalo imposto para a seguinte corporación.

Sométese a votación a moción presentada.

Realizada a votación, a moción presentada grupo municipal do BNG relativa á elaboración dun regulamento de funcionamento do pleno no Concello de Outeiro de Rei queda rexeitada con queda rexeitada con nove votos en contra, dos concelleiros do PP, e tres votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos do BNG e máis do PsdG-PSOE.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Rogos do BNG (Intervén o concelleiro Xosé Ferreiro Fernández)

1º Rogo relativo a: HORARIOS DOS CURSOS ORGANIZADO POLO CONCELLO DE OUTEIRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para este próximo martes, ás 10:00 horas, está previsto a celebración dun curso de compostaxe caseiro organizado polo concello de Outeiro de Rei.

Dado que a esas hora a maioría da xente que traballa se atopa precisamente no seu centro de traballo, estes cursos están destinados só a unha pequena parte da poboación, cuestión que pode resultar discriminatorio para todas aquelas persoas que aínda interesándolles estes cursos, éelles imposible asistir polo horario no que se celebran.





Concello de Outeiro de Rei

O concello de Outeiro de Rei, como entidade organizadora, debera interesarlle que ás súas actividades formativas asista o maior número de persoas, polo que debera poñer uns horarios que puideran valerlle para a maioría da veciñanza.

É por todo iso, polo que dende o Grupo do BNG no concello de Outeiro facemos o seguinte

ROGO:

- Que os horarios dos cursos que organice o Concello de Outeiro teñan en conta á maioría da poboación para que dese xeito non quede excluído ningún colectivo de poder asistir aos devanditos cursos ou actividades formativas

Rematada a lectura do rogo por parte do concelleiro Xosé Ferreiro o alcalde contesta que o certo é que hai moitos cursos e todos en horarios diferentes e moitos deles en horario de tarde e noite. Hai que depender do persoal que vai a impartir os cursos que as veces non se pode facer en calquera horario.

2º.- Rogo: RELATIVO AO ARRANXO DO CANALÓN DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VILELA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai xa varios días, o canalón do centro sociocultural de Vilela atópase desprendido e completamente fóra de sitio, cuestión que ademais de dificultar o uso do local, representa un perigo para as persoas que por alí se atopan. Ademais de iso, o non arranxalo con urxencia pode levar a que se sega deteriorando, provocando esa circunstancia un custo superior para as arcas do concello.

Aparte deste desperfecto, tamén se detectan deficiencias importantes nas beirarrúas que bordean esta edificación, cuestión que debera ser reparada polo concello ao mesmo tempo. (achéganse fotografías)

É por todo iso, polo que dende o Grupo do BNG no concello de Outeiro facemos o seguinte

ROGO:

- Que se proceda a reparar coa maior urxencia posible o canalón desprendido do centro sociocultural de Vilela, así como as beirarrúas que o bordean que se atopan deterioradas

Explica o alcalde que o canalón é de hai pouco tempo e a estas alturas debe estar arranxado. As beirarrúas arranxaranse cando a situación o permita

Rogos do PSdeG-PSOE. Intervén a concelleira Carmen Acacio López

3º.- Rogo: RELATIVO Á ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES

Que o Concello de Outeiro de Rei faga as xestións necesarias para que esa ordenanza poida ser consultada por calquera veciño na súa páxina web

O Alcalde contéstalle que se estudiará esa situación.





Concello de Outeiro de Rei

4º.- Pregunta do PSdeG-PSOE:

Despois de ter coñecemento de varias ocasión nas que certos cans apareceron vagando polos caminos en Outeiro de Rei e de que, despois de dar notivia ao Concello, este non fose recoller a algún deles, poderíannos decir de cuántos animais abandonados no territorio deste Concello tivo coñecemento o Goberno desta Corporación Municipal durante esta lexislatura?

Cántos foron recoliidos polo persoal do Concello ou pola empresa coa que ten concerto para eses casos?

Poderían explicarnos cal é o protocolo que deben seguir nestes casos?

O Alcalde contéstalle que non leva a contabilidade dos cans. Cando hai un aviso de algún can divagando pola zona de Outeiro de Rei sempre se envía a algún para intentar recollelo. Despois podese dar a circunstancia de que xa o teña o seu propietario o cal non hai xa que recollelo ou pode ser que ese can xa non estea. Xa non é o primeiro caso que se recolle algún can dalgún veciño porque saíu da súa finca e andaba por alí solto.

O can que esteña divagando ten que levar algo de tempo pola zona e non o pode ter ninguén. O Concello só ten a obriga de recoller os cans abandonados.

O protocolo a seguir é moi sinxelo. Cando chega un aviso dun can solto o concello enviase persoal do mesmo a recollelo. O que non procede é que alguén recolla un can e o leve ao centro que ten o concello.

O Concello ten uns custos mensuais pola recollida e manutención deses cans que se recollen e ao final do ano é unha cantidade importante.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as trece e quince minutos , da que eu, Secretaria, estendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

A Secretaria

VºPº; O Alcalde



Cod. Validación: W2EHKPZ47YANSHCK76GANNZ6W | Corrección: <https://outeirodeirei.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 18



Concello de Outeiro de Rei

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: W2EHKPZ47YANSHCK76GANNZ6W | Corrección: <https://outeiroderei.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 18